

4.3.

Cobertura social

O número de beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, acada en Galicia no ano 2015 as 905.571 persoas, 12.565 beneficiarios menos que no ano anterior. Fronte ao incremento de 4.700 beneficiarios de pensións contributivas, diminúen lixeiramente os de pensións non contributivas, con 900 menos, así como, fundamentalmente, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución superior ás 16.000 persoas.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2015 foi de 748,08 €/mes, un ano máis o segundo máis baixo de todas as CCAA, só superior ao importe medio en Estremadura. O diferencial coa media estatal aumenta dos 137 euros no ano 2014 aos 138,7 no ano 2015.

A Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 e o Real Decreto 1170/2015, 29 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o

exercicio 2016, fixan a revalorización do 0,25% das pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez e orfandade e favor familiar na súa modalidade contributiva.

Ao longo do presente capítulo analízanse as prestacións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego, así como, posteriormente as prestacións sanitarias e sociais.

Pensións contributivas

As pensións contributivas defínense como prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está suxeitada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por traballador e empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

Prestacións 2014-15: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2014	2015	2014	2015
Pensións contributivas	<i>(medias anuais, en miles)</i>		<i>(en € / mes)</i>	
Total	746,0	750,7	733,92	748,08
Incapacidade permanente	68,9	68,5	807,1	816,0
Xubilación	461,6	465,5	828,5	847,5
Viuvez	186,6	186,8	526,9	533,3
Orfandade e favor familiar	28,9	29,9	384,8	385,9
Pensións non contributivas				
Total	43,1	42,2		
Invalidez	16,2	15,9	388,7	390,5
Xubilación	26,9	26,3	354,5	355,0
LISMI	0,8	0,7		
Prestacións por desemprego *	<i>(datos a 31-12, en miles)</i>			
Total	129,0	112,6		
Contributivas	57,1	47,5	780,2	785,4
Subsidios	58,8	52,6	485,3	
Renta activa de inserción	13,0	11,7	429,9	
programa de activación para o emprego		0,9		
	<i>(beneficiarios anuais)</i>			
RISGA	9.175	9.713	393,75	430,61
AES	2.814	2.727	1.090,12	1.154,16

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsídios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=426,00 euros (14,20 € x 30 días)

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AES: Axudas de emerxencia social

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.1.

Tal como se sinalou anteriormente, o número de pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia, volve a medrar lixeiramente no ano 2015, para acadar as 750.700 pensións, un 0,6% máis que no ano anterior (1,1% de incremento medio no conxunto do Estado). O seu importe medio ascende a 748,08 euros ao mes, 138,72 euros inferior ao rexistrado no conxunto do Estado, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma cun importe medio das pensións contributivas máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, o importe medio en Galicia medra un 1,9%, unha décima máis que a media española.

En Galicia localízanse o 8,1% do total de pensións contributivas do Estado, o que sitúa a nosa comunidade como a quinta por número deste tipo de pensións, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. Dentro da acción protectora do Réxime Xeral

e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, total, absoluta e gran invalidez, e as pensións por falecemento, viuvez, orfandade e en favor de familiares.

O **cadro 4.3.2.** mostra como as pensións de xubilación, co 62% do total, son as que acollen ao maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2015, o número de beneficiarios de pensións contributivas por xubilación en Galicia foi de 465.500 persoas, tres mil novecentos beneficiarios máis que no ano anterior, o que supón o 8,3% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 847,5 euros, inferior en 173,7 euros ao importe medio do Estado, o que mantén a Galicia, xunto con Estremadura, como as comunidades co importe medio máis reducido de todo o Estado español.

Pensións contributivas en Galicia e España 2014-15: distribución segundo clase


	Galicia		España		G / E	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015
Totais						
número	746,0	750,7	9.201,1	9.304,6	8,1	8,1
15/14		0,6		1,1		
importe medio	733,92	748,08	871,01	886,80	84,3	84,4
15/14		1,9		1,8		
Incapacidade permanente						
número	68,9	68,5	929,4	931,67	7,4	7,4
importe medio	807,10	816,01	915,56	923,28	88,2	88,4
Xubilación						
número	461,6	465,5	5.559,0	5.641,9	8,3	8,3
importe medio	828,53	847,51	999,80	1.021,2	82,9	83,0
Viuvez						
número	186,6	186,8	2.348,4	2.353,3	7,9	7,9
importe medio	526,93	533,26	624,03	630,6	84,4	84,6
Orfandade e favor familiar						
número	28,9	29,9	364,2	377,72	7,9	7,9
importe medio	384,81	385,89	384,04	385,54	100,2	100,1

(1) o número de pensións está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.2.

Pensións contributivas 2008-15⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuales, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*


4.3.3.

As segundas pensións en importancia, en canto ao importe medio mensual, son as de incapacidade permanente. O número total desta clase de pensións no ano 2015 descendeu ata as 68.500 (68.900 pensións no ano anterior) e o seu importe medio mensual aumentou para situarse nos 816 euros mensuais, 107 euros inferior á media estatal. A pesar do incremento do importe medio destas pensións, Galicia sitúase no-

vamente como a terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante só de Extremadura, con 761,6 euros, e Murcia, con 815,9 euros.

Respecto ás pensións por viuvez, orfandade e favor familiar, as prestacións por morte e supervivencia están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o

Importe medio das pensións contributivas 2008-15: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.4.

falecemento doutras. No ano 2015, o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia ascendeu a 186.800 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 533,26 euros, o máis reducido do conxunto do Estado, con 97 euros menos ao mes que a media. No concernente ás pensións de orfandade e favor familiar, os 29.900 beneficiarios (o 7,9% do total de España) perciben de media 385,9 euros mensuais. A pensión de orfandade e favor familiar mantense como a única das pensións contributivas cun importe medio igual á media estatal.

En relación aos réximes de protección, o número de pensións correspondente ao réxime xeral e ao especial de traballadores autónomos ascende a 386.944 e 271.519 pensións, respectivamente, incrementándose nun 2,5% as pensións contributivas dentro do réxime xeral en Galicia en relación ao ano 2014, fronte á redución do 1,5% dentro do R.E de traballadores autónomos. O importe medio das pensións contributivas foi de 882,78€/mes no réxime xeral e de 541,38 €/mes no R.E de Autónomos.

No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 54.950 e o seu importe medio, a 861,48 euros mensuais, salientando o feito de que o 42,3% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En Galicia no ano 2015, 23 de cada 100 afiliados á Seguridade Social intégranse no R.E de Autónomos, fronte ao 18,5% de media no Estado, o que fai, máis preocupante o feito de que, un ano máis, Galicia siga sendo a Comunidade co menor importe medio mensual no caso do réxime de traballadores autónomos, situándose como a quinta con menor importe medio no réxime xeral, por detrás de Extremadura, Murcia, Andalucía e Canarias. No caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 861,48 euros/mes, o menor do Estado.

O incremento de case 4.700 pensións contributivas en Galicia en relación ao ano anterior, **cadro 4.3.5.**, veu motivado fundamentalmente polo aumento das correspondentes ao réxime xeral (9.368 pen-

Pensiones contributivas en Galicia e España 2014-15: distribución segundo réxime ⁽¹⁾

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermedades profesionais	SOVI (2)
Galicia								
número								
2014	746.031	377.576	275.579	54.699	1.589	18.140	2.796	15.652
2015	750.727	386.944	271.519	54.950	1.583	18.101	2.815	14.817
15/14	0,6	2,5	- 1,5	0,5	- 0,4	- 0,2	0,7	- 5,3
importe medio								
2014	733,92	868,34	535,14	850,13	1.227,89	826,47	982,47	383,19
2015	748,08	882,78	541,38	861,48	1.250,09	840,13	999,38	383,86
15/14	1,9	1,7	1,2	1,3	1,8	1,7	1,7	0,2
España								
número								
2014	9.201.080	6.454.006	1.918.223	130.781	67.046	208.340	39.769	382.916
2015	9.304.555	6.566.942	1.929.016	129.972	66.642	207.399	38.827	365.757
15/14	1,1	1,7	0,6	- 0,6	- 0,6	- 0,5	- 2,4	- 4,5
importe medio								
2014	871,01	965,83	611,50	921,66	1.503,01	930,83	1.163,82	381,85
2015	886,80	982,24	620,20	932,48	1.534,81	944,56	1.173,28	381,79
15/14	1,8	1,7	1,4	1,2	2,1	1,5	0,8	- 0,0
Galicia / España								
número								
2014	8,1	5,9	14,4	41,8	2,4	8,7	7,0	4,1
2015	8,1	5,9	14,1	42,3	2,4	8,7	7,2	4,1
importe medio								
2014	84,3	89,9	87,5	92,2	81,7	88,8	84,4	100,4
2015	84,4	89,9	87,3	92,4	81,4	88,9	85,2	100,5

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

sións máis). Asemade, o número de pensións dentro do réxime especial de traballadores do mar tamén se incrementa en relación á mesma data do ano anterior (251 máis). Os citados incrementos compensan unha nova caída rexistrada tanto no caso dos traballadores autónomos (4.061 menos) como no seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) (835 menos).

Pensiones non contributivas

As pensións non contributivas aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico farmacéutica gratuita e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

Un ano máis, no 2015 as pensións non contributivas rexistradas en Galicia presentan,

a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, un novo descenso do número total de beneficiarios. Tras unha caída do 2,1% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 42.247 (o 9,3% do total de beneficiarios en España) manténdose como a quinta comunidade con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Canarias.

O 62,4% do total de beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia, teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,6%, de invalidez. Ao igual que o acontecido en anos anteriores, os **cadros 4.3.6. e 4.3.7.** amosan o descenso tanto das pensións de invalidez (representan o 8% do total estatal) coma das pensións de xubilación (o 10,4% destas pensións no conxunto do Estado). O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 355 euros para as pensións por xubilación e de 390,5

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2014-15 ⁽¹⁾


	Total			Invalidez			Xubilación		
	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)	2014	2015	15/14 (%)
Andalucía	102.447	102.025	-0,4	45.928	45.980	0,1	56.519	56.046	-0,8
Aragón	7.631	7.546	-1,1	2.795	2.790	-0,2	4.836	4.755	-1,7
Asturias	9.300	9.184	-1,2	4.560	4.458	-2,2	4.740	4.725	-0,3
Baleares	7.647	7.802	2,0	3.218	3.193	-0,8	4.429	4.610	4,1
Canarias	43.005	43.712	1,6	19.458	19.864	2,1	23.547	23.848	1,3
Cantabria	6.609	6.720	1,7	3.373	3.414	1,2	3.236	3.305	2,1
Castela-A Mancha	19.902	19.682	-1,1	9.410	9.366	-0,5	10.492	10.315	-1,7
Castela e León	22.276	22.128	-0,7	9.788	9.727	-0,6	12.488	12.401	-0,7
Cataluña	56.527	57.884	2,4	25.421	26.164	2,9	31.106	31.720	2,0
C. Valenciana	46.952	47.629	1,4	19.316	19.272	-0,2	27.635	28.357	2,6
Extremadura	14.282	14.115	-1,2	5.874	5.844	-0,5	8.408	8.271	-1,6
Galicia	43.146	42.247	-2,1	16.244	15.903	-2,1	26.902	26.344	-2,1
Madrid	35.722	37.315	4,5	14.351	14.932	4,0	21.371	22.383	4,7
Murcia	14.503	14.670	1,2	7.548	7.671	1,6	6.955	6.999	0,6
Navarra	2.616	2.625	0,3	913	948	3,8	1.703	1.677	-1,5
País Vasco	10.772	10.991	2,0	6.041	6.121	1,3	4.731	4.870	2,9
A Rioxa	1.807	1.829	1,2	770	782	1,6	1.037	1.047	1,0
Ceuta e Melilla	4.489	4.624	3,0	2.296	2.461	7,2	2.194	2.164	-1,4
Total	449.633	452.728	0,7	197.304	198.890	0,8	252.329	253.837	0,6
G/E (%)	9,6	9,3		8,2	8,0		10,7	10,4	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.6.

Pensións non contributivas 2008-15 ⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión




(1) medias anuais, en miles

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.7.

Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-15: distribución segundo clase de pensión (1)



(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez

4.3.8.

euros para as pensións por invalidez.

O perfil do pensionista non contributivo en Galicia mostra que o 68% son mulleres, das que máis da metade están casadas. No que respecta ao número de conviventes, o 52% dos pensionistas viven en fogares de unha ou dúas persoas.

No que respecta ao perfil das persoas beneficiarias de prestacións non contributivas por xubilación, obsérvase que, neste caso, a porcentaxe de mulleres ascende a case o 80% do total, das que o 60% teñen máis de 75 anos.

No concernente ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT).

No ano 2015 continúa o marcado descenso do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.3.9.**, volve a rexistrarse un descenso do número de beneficiarios en tódalas Comunidades Autónomas, que no caso galego foi do 15% respecto ao ano anterior (123 beneficiarios menos), 3,6 puntos porcentuais superior ao descenso experimentado no conxunto do Estado. O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 693, reducíndose levemente a súa importancia relativa no conxunto de España ata o 3,7% (3,9% en 2014).

A contía vixente para o ano 2016 establecida na Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016, e o Real Decreto 1170/2015, de 29 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2016, non contemplan a revalorización dos subsidios de Garantía de Ingresos Mínimos e por axuda a terceira persoa. Sen embargo si é obxecto de revalorización

Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2014-15⁽¹⁾

	2014	2015	15/14 (%)
Andalucía	3.666	3.217	-12,2
Aragón	538	470	-12,6
Asturias	721	660	-8,5
Baleares	140	122	-12,9
Canarias	245	228	-6,9
Cantabria	583	561	-3,8
Castela-A Mancha	2.410	2.306	-4,3
Castela e León	2.602	2.249	-13,6
Cataluña	1.052	929	-11,7
C. Valenciana	1.889	1.722	-8,8
Extremadura	955	832	-12,9
Galicia	816	693	-15,1
Madrid	1.948	1.450	-25,6
Murcia	2.808	2.545	-9,4
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Ríoxa	103	90	-12,6
Ceuta e Melilla	577	552	-4,3
Total	21.053	18.626	-11,5
G/E (%)	3,9	3,7	-


LISMI: Lei de Integración social do minusválido

(1) número de beneficiarios, medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.9.

Prestacións sociais e económicas da LISMI 2008-15 (1): distribución segundo clase




SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SGMG: Subsidio de movilidad e compensación por gastos de transporte

(1) número de prestacións, en medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.10.

Importe bruto das nóminas da LISMI 2008-15: distribución segundo clase (1)



SGIM: Subsidio de garantía de ingresos mínimos; SATP: Subsidio por axuda de terceira persoa; SMGT: Subsidio de mobilidade e compensación por gastos de transporte

(1) importe bruto, en miles de euros

Fonte: IMSERSO, Prestacións sociais y económicas para persoas con discapacidade

4.3.11.

nun 0,25% o Subsidio de Mobilidade e Compensación para Gastos de Transporte, quedando fixados nos importes mensuais seguintes:

- SGIM: 149,86 euros mensuais.
- SATP: 58,45 euros mensuais
- SMGT: 63,30 euros mensuais.

Prestacións por desemprego

Tal como ven acontecendo en anos anteriores, no ano 2015 mantense a redución do número de beneficiarios de prestacións por desemprego, con reducións superiores ao 10% en relación ao ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, en concreto en Galicia redúcense un 12,7% acadando os 112.624 beneficiarios, e no conxunto do Estado a redución foi do 11,7%, o que supón 2.134.009 beneficiarios no ano 2015. En Galicia localízanse o 5,3% dos beneficiarios totais do Estado.

Esta caída prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios e da renda activa de inserción. No ano 2015 rexístranse por pri-

meira vez beneficiarios dos programas de activación para o emprego, destinados a persoas desempregadas de longa duración que cumpran unha serie de requisitos establecidos no real Decreto-Lei 16/2014 de 19 de decembro, polo que se regula o programa de activación para o emprego. Este programa é temporal e só se pode acceder a el unha vez. Durante a permanencia no programa, o beneficiario percibirá unha axuda económica de 426 euros mensuais, por un período máximo de 6 meses.

No ano 2015 o 46,6% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a subsidio, e o 42,1% á prestación contributiva, fronte ao 45,6% e 44,3% respectivamente do exercicio anterior.

Tal como se sinalou, o número de beneficiarios de prestacións por desemprego continúa a súa tendencia de redución no ano 2015, con un descenso do 12,7%. A importancia relativa das prestacións contributivas sobre o total de prestacións por desemprego diminúe no último ano, aumentando as porcentaxes de beneficiarios do subsidio e da renda activa de inserción e rexistrándose

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2014-15 ⁽¹⁾

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios				
totais	128.998	2.417.742	112.624	2.134.099
prestación contributiva	57.137	976.785	47.456	819.013
subsídio	58.847	1.049.903	52.552	936.329
renta activa de inserción	13.014	265.098	11.748	233.868
subsídio eventuales agrarios		125.956		120.204
programa de activación para o emprego			868	24.685
Paro rexistrado <i>(en medias anuais)</i>	256.960	4.575.937	233.400	4.232.100
Taxas cobertura (2)				
total	55,57	57,61	52,58	55,19

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.12.

868 beneficiarios de programas de activación para o emprego. O devandito descenso dos beneficiarios das prestacións contributivas leva asociado un aumento do seu importe medio ata os 785,4 euros mensuais, cinco máis que no ano anterior.

Nas catro provincias galegas diminúe o número de beneficiarios de prestacións por desemprego, sexan contributivas, subsidios ou da renda activa de inserción. O descenso do número de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego acada o 14,8% en Lugo, o 16,7% na provincia de A Coruña, e supera o 17% en Ourense e Pontevedra. As catro provincias presentan un importe medio das prestacións contributivas inferior á media estatal, rexistrándose a contía máis elevada en A Coruña, con 795,6 euros mensuais, por diante de Pontevedra, con 779 euros. Lugo e Ourense teñen os importes medios máis reducidos con 733,9 euros/mes e 724,8 euros/mes, respectivamente; en todos os casos moi inferior á media estatal, que no ano 2015 situouse en 807,6 euros/mes.

No ano 2015 o 3,7% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado que se sitúa no 9,8%.

No último ano, un total de 4.129 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 2% do total estatal, dos que 2.357 pertencen a países non comunitarios e os restantes 1.772, á Unión Europea.

A taxa de cobertura, **cadro 4.3.12.**, mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. En Galicia esta taxa descendeu dende o 55,6% do ano 2014 ata 52,6% do último ano, sendo esta porcentaxe 2,6 puntos porcentuais inferior á taxa de cobertura media no conxunto do Estado.

Renda mínima de inserción

O informe sobre aplicación e avaliación da Lei de inclusión social de Galicia no ano 2014, sinala a existencia de 9.175 beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (Risga) a 31 de decembro de 2014 en Galicia, o que indica unha redución de 125 beneficiarios en relación ao ano anterior.

A Risga ten una contía básica de (un perceptor): 399,38 (75% del IPREM); 1º neno: 399,38 €; 2º neno: 463,28 €; 3º neno: 516,53 €; 4º neno: 559,13 €; 5º neno:

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2014/15: beneficiarios e pagos

Risga (1)				
	beneficiarios		importes medios	
	2014	2015	2014	2015
Total	9.175	9.713	393,75	430,61
A Coruña	2.354	2.808	408,05	441,64
Lugo	1.169	1.226	390,87	444,09
Ourense	1.445	1.278	386,11	438,40
Pontevedra	4.207	4.401	389,17	417,65

AES (2)				
	axudas concedidas		importes medios	
	2014	2015	2014	2015
Total	2.814	2.727	1.090,12	1.154,16
A Coruña	297	624	1.079,94	1.210,88
Lugo	519	457	1.396,32	1.164,71
Ourense	635	686	1.284,70	1.304,74
Pontevedra	1.363	960	885,09	1.004,68

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.13.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2014-15: solicitudes

	2014			2015		
	Total	Risga	AES	Total	Risga	AES
Solicitudes a resolver	13.919	8.476	5.443	14.750	9.076	5.674
presentadas no ano	10.595	6.508	4.087	11.087	6.512	4.575
pendentes do ano anterior	3.324	1.968	1.356	3.663	2.564	1.099
Solicitudes resoltas	10.256	5.912	4.344	10.453	6.721	3.732
estimadas	5.762	2.948	2.814	7.357	4.630	2.727
desestimadas e/ou arquivadas	4.494	2.964	1.530	3.096	2.091	1.005
Solicitudes present. / resoltas (%)	73,7	69,7	79,8	70,9	74,1	65,8

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.14.

602,15 €; 6º neno: 644,75 €. Cunha contía máxima de 665,64 €. A contía para perceptores con máis de 4 anos de permanencia co programa Risga é de 364,90 € (pago mensual). No ano 2014 o importe medio foi de 393,75 euros.

O Informe de Rendas Mínimas de Inserción do ano 2014 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (último informe publicado) sinala que a contía mínima en Galicia ascendía a 399,38 euros por persoa (un máximo de 665,63 euros por unidade familiar) e situaríase no 61,9% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador

Público de Rendas Múltiples. Estas porcentaxes son inferiores ás medias estatais, que se sitúan no 65,2% e no 79%. A taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes ascende en Galicia ata 4,39, sendo dita taxa a nivel estatal do 6,65 por 1.000 habitantes, en tanto que a taxa de cobertura por perceptor (titulares e membros dependentes) foi de 9,5 perceptores por cada mil habitantes en Galicia fronte aos 13,19 de España.

Segundo datos da Consellería de Traballo e Benestar, a 31 de decembro de 2015 en Galicia rexistráronse 9.713 beneficiarios da

Risga, 538 persoas máis que no ano anterior. A nivel provincial, o número de beneficiarios aumenta en todas as provincias agás en Ourense, con 167 beneficiarios menos que ano anterior, tal como mostra o **cadro 4.3.13.** O importe medio ascendeu a 430,61 euros mensuais, case 37 euros máis que en 2014.

Das 9.076 solicitudes para percibir a Risga no ano 2015, 6.721 solicitudes foron resoltas no citado ano, o 74,1% do total (**cadro 4.3.14.**).

As axudas de Emerxencia Social concedidas no ano 2015 foron 2.727, 87 menos que no ano anterior, cun importe medio de 1.154,16 euros ao mes.

Prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. No ano 2015 continúa a tendencia de incremento dos procesos en vigor, tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (1.025 no último ano) como no caso das traballadoras por conta propia (81 en 2015). Pola contra, a duración media dos procesos finalizados, mantense estable no caso das traballadoras por conta allea, en torno aos 97 días, e increméntase levemente a duración media dos procesos de traballadoras por conta propia que no ano 2015 foi de 73,2 días de media.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de

cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. Como recolle o **cadro 4.3.15.**, o número de procesos en vigor para traballadoras por conta allea aumentou en Galicia ata os 31 procesos (23 en 2014), mentres que diminúe a duración dos procesos finalizados ata os 138,6 días (142,7 días no ano anterior).

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2015 concedéronse 14.442 prestacións de maternidade, 163 máis que no ano anterior, das que 14.114 serían percibidas pola nai e as restantes 328, un 2,3% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (1,8%). O dito aumento de prestacións, leva aparelado un maior gasto, que se sitúa nos 73,8 millóns de euros, 1,3 millóns de euros máis que no ano anterior, o que representa o 4,7% do gasto no conxunto do Estado.

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a percibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O número de prestacións de paternidade concedidas volve a descender en Galicia no ano 2015, situándose nas 11.419 prestacións, 263

Prestacións por risco durante o embarazo e a lactancia natural en Galicia e España 2014-15

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Prestacións por risco durante o embarazo				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	272,5	5.589,2	313,4	5.997,7
Procesos en vigor ó final do período	932,0	18.642,0	1.025,0	19.927,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	97,4	95,1	97,1	93,5
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	24,3	382,0	32,1	466,8
Procesos en vigor ó final do período	72,0	1.136,0	81,0	1.391,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	71,1	74,3	73,2	72,5
Prestacións por risco durante a lactancia natural				
Traballadoras por conta allea				
Procesos medios mensuais iniciados no período	3,3	46,8	4,4	56,9
Procesos en vigor ó final do período	23,0	350,0	31,0	393,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	142,7	146,2	138,6	133,9
Traballadoras por conta propia				
Procesos medios mensuais iniciados no período	0,8	4,0	0,5	3,4
Procesos en vigor ó final do período	5,0	30,0	-	21,0
Duración media dos procesos finalizados (en días)	159,3	153,1	130,0	140,7

Fonte: Seguridad Social

4.3.15.

Prestacións de maternidade e paternidade nas CC.AA. 2015

	Maternidade		Paternidade
	pola nai	polo pai (% / total)	
Andalucía	48.284	633 1,3	37.700
Aragón	7.631	146 1,9	7.623
Asturias	4.414	115 2,5	3.812
Baleares	6.798	113 1,6	5.197
Canarias	9.252	146 1,6	7.992
Cantabria	3.121	64 2,0	2.828
Castela-A Mancha	9.953	139 1,4	9.968
Castela e León	11.966	268 2,2	11.083
Cataluña	48.641	882 1,8	45.309
C. Valenciana	26.528	345 1,3	23.389
Extremadura	5.565	81 1,4	4.370
Galicia	14.114	328 2,3	11.419
A Coruña	6.080	157 2,5	5.019
Lugo	1.560	36 2,3	1.231
Ourense	1.259	25 1,9	1.049
Pontevedra	5.215	110 2,1	4.120
Madrid	46.776	862 1,8	39.835
Murcia	8.943	91 1,0	8.460
Navarra	4.302	144 3,2	4.244
País Vasco	14.266	801 5,3	13.274
A Rioxa	1.850	36 1,9	1.781
Ceuta e Melilla	777	14 1,8	522
Total	273.181	5.208 1,9	238.806

Fonte: Seguridad Social

4.3.16.

máis que no ano precedente, o que representa o 4,8% das prestacións en España. Tal e como indica o **cadro 4.3.16.**, o gasto experimenta unha medra do 0,6% en relación

ao ano 2014, acadando os 8,8 millóns de euros.

– Prestacións familiares por fillo a cargo:

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2014-15

2014						
	Galicia				España	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total	683	272	91	85	235	25.304
familias numerosas	402	145	63	49	145	18.604
familias monoparentais	268	119	27	34	88	6.470
familias con nais discapacitadas	13	8	1	2	2	230

2015						
	Galicia				España	
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Total	732	262	134	76	260	27.110
familias numerosas	477	170	86	54	167	19.862
familias monoparentais	241	87	47	19	88	6.957
familias con nais discapacitadas	14	5	1	3	5	291

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

● **4.3.17.**

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia 14/15
			(%)	(%)
Contratos bonificados	33	655	5,0	26,9
Contratos de substitución	14	117	12,0	-12,5
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción				
2008	641	16.883	3,8	
2009	794	22.010	3,6	
2010	921	25.512	3,6	
2011	1.016	29.065	3,5	
2012	1.063	30.065	3,5	
2013	1.197	32.596	3,7	
2014	1.311	34.550	3,8	
2015	412	10.435	3,9	
Axudas para cambio de residencia	128	2.651	4,8	-26,0

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

● **4.3.18.**

Esta prestación consiste nunha asignación económica que se recoñece por cada fillo a cargo do beneficiario, menor de 18 anos ou maior afectado dunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%, calquera que sexa a súa filiación, así como polos menores acolidos en acollemento familiar, permanente ou preadoptivo, sempre que non se supere o límite de ingresos establecido.

As prestacións periódicas por fillo a cargo volven a medrar no ano 2015 tanto en Galicia como en España, acadando as 732 pres-

tacións, o 2,7% do total estatal. As máis numerosas son as prestacións a familias numerosas, que tras un incremento do 18,6%, máis do dobre que no conxunto do Estado, acadan as 477. A diferenza do acontecido en España, descende ata as 241, o número de prestacións a familias monoparentais, 27 menos que no ano anterior. □